

**Resolución de 06 de xuño de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Prevención/Defensa/Extinción de incendios forestais”, pola que se convoca á realización da proba física, e se apertura o prazo para a presentación da Formación Baremable.**

En sesión que tivo lugar o día 06 de xuño de 2018, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

**Primeiro.-Candidatos convocados da lista previa.**

Debido á insuficiencia de candidatos na lista de Enxeñeiro de Montes, perfil Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais, ámbito Servizos Centrais, e de conformidade co establecido nas Bases Específicas II (punto 1.4) e nas bases xerais (punto 2.2.1), a Comisión de Selección acordou convocar ó proceso selectivo a tódolos candidatos que actualmente figuran admitidos na lista previa definitiva publicada na páxina web de SEAGA mediante resolución do Director-Xerente de data 16 de maio de 2018, na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais” maiores de 18 anos e que non excedan a idade máxima de xubilación forzosa a data da publicación das Bases Específicas II, tal e como figuran no anexo I da presente resolución.

Non obstante, e de acordo co disposto no apartado 2.1.5.2 das bases xerais, cando o destino ofertado ao candidato non coincida co marcado na súa solicitude de admisión, o candidato non decaerá da correspondente lista no caso de rexeitar o posto de traballo.

**Segundo.- Convocar á realización da proba física.**

De acordo co disposto no apartado 2.2.1 das Bases Específicas II, é requisito imprescindible para o acceso ao posto de Enxeñeiro de Montes, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, ámbito “Servizos Centrais”, a superación dunha proba de aptitude física (Field Test) que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. Esta proba terá carácter eliminatorio, os candidatos que non a superen serán eliminados deste proceso selectivo, os candidatos que non se presenten serán excluídos do sistema de listas previas desta categoría

profesional, salvo a excepción prevista no apartado 2.1.5.2 (aqueles que non tiveran marcado na súa solicitude o ámbito de servizos centrais).

Esta Comisión de Selección acorda convocar a realización da proba física aos candidatos relacionados no Anexo I da presente resolución.

Esta proba será validada de oficio por SEAGA a aqueles candidatos que xa superasen a mesma o día 03 de maio de 2018 e que opten a unha mellora de emprego. No caso de que voluntariamente decidan realizala, non se efectuará dita validación.

**Terceiro.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.**

Orde de chamamento dos candidatos:

Alfabeticamente, comezando por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “G”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 17 de xaneiro de 2018 (DOG do 26 de xaneiro de 2018) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2018. Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. O prazo para a presentación de xustificantes será ata o mesmo día de celebración da proba. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

**Conforme o apartado 2.2.1 das Bases Específicas II é requisito que os participantes aporten o día da mesma, e no lugar da proba, o certificado médico oficial ou informe de saúde, firmado e selado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presenta enfermidade nin discapacidade que impida a súa realización. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto a data de realización da proba.**

Será obrigatorio que os candidatos acudan á proba con zapatillas de deporte e **non estará permitido correr** durante a realización da proba. O participante que corra durante a súa realización recibirá **un único aviso**, previo á expulsión, por parte dos membros da comisión ou do persoal colaborador na proba. Se despois do aviso o participante continúa a correr será expulsado da proba.

Así mesmo, recoméndase usar roupa cómoda que facilite a transpiración, non fumar nin comer antes da realización do exercicio así como levar líquidos para hidratarse antes, durante e logo do exercicio

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais,



ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

Previamente ó comezo da proba farase entrega a cada participante dun cuestionario de saúde así coma dun informe de consentimento da proba. Esta documentación unha vez cumprimentada e asinada polo participante será devolta aos membros da organización.

Facilitarase a cada participante unha mochila individual debidamente pesada seguindo os requirimentos da proba.

Ao remate de cada proba entregarase a cada un dos participantes un documento xustificativo de asistencia cos parámetros individuais obtidos na mesma.

**Lugar de celebración:** Estadio Multiusos San Lázaro, Avda de Fernando Casas Novoa nº 20 Santiago de Compostela.

**Data:** 13/06/2018.

**Hora:** 13:30h.

#### **Cuarto.- Inicio do prazo presentación de documentación.**

De conformidade co disposto nas Bases Específicas II apartado 1.3.2, das que rexen o proceso, acórdase a apertura do prazo de 3 días hábiles para a presentación da documentación que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Baremable) contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución. O prazo de presentación finaliza o vindeiro 11 de xuño de 2018 inclusive.

Santiago de Compostela, a 06 de xuño de 2018.

O Presidente da Comisión de Selección.

Asdo.- Martín Martínez Abal.

